

## S&N LUGO, C.B.



**"As empresas deixaron de ver un simple selo de certificación e xa valoran o beneficio que supoñen os sistemas de calidade "**

*Miguel Crende Pardo/David Yáñez Tella*

### Datos básicos

<b>Actividade:</b>	Consultoría especializada en calidade, medio ambiente e protección de datos
<b>Sector de actividade</b>	Actividade de asesoría, consultoría e investigación
<b>Nº empregados</b>	3
<b>Inversión inicial</b>	20.000 €
<b>Financiamento inicial:</b>	O investimento inicial foi financiado integramente con fondos propios.
<b>Web:</b>	<a href="http://www.s-n.es">www.s-n.es</a>
<b>Municipio:</b>	Lugo, Lugo
<b>Ano creación:</b>	2001

### Descrición do proxecto

Trátase dunha consultora especializada en calidade, medio ambiente e protección de datos.

Desenvolvemos proxectos de sistemas de calidade, ISO 9001, ISO 14.001, EMAS (regulamento europeo), EFQM (modo da Fundación Europea de Xestión da Calidade), Q de calidade (relativa ao sector turístico), APPCC (Análise de Perigos e Puntos de Control Críticos), e adecuación á Lei Orgánica de Protección de Datos.

Pertencemos ao grupo SN Servicios Normativos de consultoría de Calidade, Mellora Continua e Medio Ambiente e Xestión Empresarial para as PEME, aínda que nós desenvolvemos ademais outros servizos adicionais.



## Datos empresa

### Claves do éxito

Cremos que a clave máis importante é o traballo personalizado e rigoroso, o trato próximo ao cliente e adaptado ás súas necesidades e unha grande dose de ilusión, constancia e perseveranza.

Outra das claves do éxito ten que ver coa práctica ausencia de competencia. Tratábase dun servizo moi caro e prestado case exclusivamente por empresas de Madrid e Barcelona. Aínda que tamén é certo que o mercado é moito máis reducido no noso contorno, e que ao principio as empresas non estaban concienciadas respecto dos beneficios que lles podía reportar o noso servizo.

Por último, consideramos que a formación, a reciclaxe e o feito de se manter constantemente actualizados resulta fundamental no sector da consultoría. Nós destinamos grande parte dos nosos recursos a formarnos e mantermos actualizados.

### Situación actual

Atopámonos nunha situación estable, cunha tendencia de crecemento moderado e dedicamos un grande esforzo a mantermos actualizados en todos os servizos novos que poidamos ofrecer. Para evitar a saturación do mercado polo lado da oferta, temos que prever e planificar o que imos ofrecer dentro dun ano.

### Perfil cliente

Os nosos clientes son PEMES de 2 a 50 empregados que pertencen practicamente a todo tipo de sectores, aínda que predominan quizais as empresas do sector servizos e as que traballan para o sector público (maioritariamente construtoras e empresas de enxeñería que se dedican á obra pública).



## Idea inicial

Este servizo era prestado unicamente por empresas de Madrid e Barcelona. Non existía unha oferta deste tipo no noso contorno e detectamos ademais que o servizo que prestaban era moi custoso (basicamente debido á distancia entre a consultora e o cliente).

## Principales dificultades y amenazas futuras

Nun principio tivemos problemas para captar mercado. Tivemos que facer un arduo labor para transmitir o valor engadido que podiamos ofrecer ás empresas. Na actualidade, todos estamos moito máis concienciados sobre a importancia de desenvolver sistemas de calidade e grande parte dos nosos clientes considéranos como un método interno de mellora, e valoran de forma positiva o investimento que supón porque comprenden o valor engadido que lles reporta. Canto ás ameazas, pensamos nunha posible saturación do mercado e na dificultade de captar novos clientes. Por iso somos conscientes da importancia de nos manter constantemente actualizados e preparados para ofrecer ao cliente os últimos servizos que lles podan proporcionar un beneficio.

## Perfil promotores

David Yáñez é Enxeñeiro Técnico Industrial e Licenciado en Química. Master en PRL, Calidade e Medio Ambiente. Aporta ademais experiencia de dous anos relacionada có sector do Medio Ambiente.  
Miguel Crende é Enxeñeiro Técnico Agrícola e Master en Calidade e Medio Ambiente. Aporta experiencia profesional dun año nunha actividade non relacionada có sector.

## Aptitudes necesarias

Consideramos que o máis importante é a capacidade de traballo, a constancia, a ilusión e a perseveranza.



## Guía de Actividad

**Consultoría de sistemas de calidad** ([www.guias.bicgalicia.es](http://www.guias.bicgalicia.es))

## Motivacións

**Ser o meu propio xefe**  
**Gañar cartos**

**Dedicarme ao que me gusta**  
**A independencia que proporciona**

## Formación

### **¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?**

Non recibimos formación específica, pero fomos asesorados para elaborar o noso proxecto empresarial e implantalo.

### **¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?**

Considero, si, aínda que no noso caso non foi imprescindible.

## Anecdótico

Cando comezamos, case ninguén entendía realmente o que estabamos a ofrecer, e tivemos que facer un grande traballo informativo. Na actualidade, as empresas saben en que consiste unha auditoría de calidade e recoñecen a importancia de incorporar estes sistemas ao seu traballo diario. Deixaron de ver un simple selo de certificación para pasar a valorar en termos económicos o beneficio que estes sistemas supoñen.

